



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de xaneiro de 2020**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(46).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2(47).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL”. EXPTE. 195687/301.

Visto o informe de fiscalización do 24/01/2020, dáse conta do informe-proposta de data 23/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe da Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e a concelleira de Política Social, que di o seguinte:

I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.2. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II. O «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL»

II.1. Tal como se indica nas normas de funcionamento que agora se someten á aprobación da XGL, o «Programa de cuidadores de barrio do Servizo de Benestar Social» é un servizo que, con carácter voluntario e gratuito, prestará a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas en situación de vulnerabilidade por distintas razóns (enfermidade, mobilidade, saúde mental, etc.); en especial, das persoas maiores con dificultades para realizar de forma autónoma as súas actividades na rúa, facilitándolles a integración no seu contorno, evitando o risco de exclusión social e as indesexadas situacións de reclusión na propia vivenda.

II.2. Ata o exercicio pasado, un servizo semellante (aínda que con notables diferencias) víñase prestando polo Concello de Vigo mediante un “CONVENIO COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO” PARA A ATENCIÓN A CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO E O



Concello de Vigo

DESENVOLVIMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL”, dotado anualmente con 540.000€.

Xustificábase polo Servizo de Emprego a concesión dunha subvención directa por ese importe á Fundación ERGUETE-Integración polo *“profundo coñecemento que ten da situación das persoas en risco ou situación de exclusión social, así como a falta de persoal especializado no acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, [que] impiden a convocatoria pública da subvención...”*.

II.3. Con todo, logo de que nos actuais orzamentos de 2020 o Programa de coidadores pasase a depender da Área de Benestar Social, considerouse a conveniencia de prestalo á cidadanía a través dun contrato administrativo de servizos que cubrise toda a anualidade (de xaneiro a decembro, de luns a venres e en horario de mañá e tarde) coa empresa de inserción que resultase adxudicataria do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada (Arts. 22.1.c], Disp. Adic. 4ª e 48ª LCSP) que se está a tramitar no Exp. nº 194221/301 (2019).

II.4. Este novo servizo pasa a estar directamente vencellado ós ámbitos de intervención dos Centros Municipais de Servizos Sociais e as Unidades de Traballo Social nas que está estruturada a rede de servizos sociais da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo.

II.5. A finalidade do «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO...», agora residenciado nesta Concellería, será dobre:

A)A atención ás persoas:

- Prestar un servizo á cidadanía de Vigo máis vulnerable e con maiores dificultades de inclusión por razóns de idade, limitacións de mobilidade, discapacidades, carencia de rede familiar e/ou social, etc., a fin de que poidan realizar unha vida o máis normalizada posible, saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.

- Garantir a protección dos dereitos das persoas maiores.

- Promover o desenvolvemento dunha existencia digna e autónoma no medio habitual da persoa e en todos os ámbitos da vida, en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

B)A inserción laboral dos/as coidadores/as de barrio:

- Incorporar ó mercado laboral a persoas para que se convirtn en axentes activos do seu propio proceso de empregabilidade. As persoas contratadas como coidadores/as de barrio deberán pertencer ós colectivos de persoas en situación ou risco de exclusión social con especiais dificultades para acceder ó emprego.

II.6. Para disciplinar as cuestións esenciais dos servizos a prestar, referidas a cuestións tales como requisitos e condicións de acceso ó Programa, persoas destinatarias, tipos de intervención, prestacións e servizos incluídos no Programa, horarios dos/as coidadores/as, dereitos e deberes das persoas usuarias, dirección e organización do Programa, coordina-

ción Concello-contratista, etc., elaboráronse unhas normas básicas de funcionamento, suxeitas obviamente ás eventuais revisións e/ou modificacións que poidan derivarse da experiencia práctica na súa aplicación.

II.7. É competente para aprobar este Programa e as súas normas de funcionamento a Xunta de Goberno Local, segundo o previsto no Apdo. Primeiro, Pto. 1.3 da Resolución da Alcaldía-Presidencia do 18.06.2019, de delegacións na XGL (aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña, etc. de competencia municipal), posto en relación co Art. 127 da LRBRL.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

ÚNICO: Aprobar o «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL» e as súas NORMAS DE FUNCIONAMENTO, elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo, transcritas en Anexo. Os servizos incluídos neste Programa serán prestados a través da empresa de inserción laboral que resulte adjudicataria da licitación que se tramita no Exp. nº 194221/301 (2019)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO «PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL»

CAPÍTULO I CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DO SERVIZO

Art. 1. Descrición e características xerais do servizo

O «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social» é un servizo que, con carácter voluntario, presta o Concello de Vigo coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas en situación de vulnerabilidade por distintas razóns (enfermidade, mobilidade, saúde mental, etc.); en especial das persoas maiores con dificultades para realizar de forma autónoma as súas actividades na rúa, facilitándolles a integración no seu contorno, evitando o risco de exclusión social e as indesexadas situacións de reclusión na propia vivenda.



Concello de Vigo

O financiamento deste Programa realizarase con cargo ós orzamentos do Concello de Vigo, sen que as persoas usuarias do mesmo deban aboar taxa ou prezo público ningún por tal concepto.

O horario de prestación dos servizos dos cuidadores de barrio será, durante todo o ano, de luns a venres e en horario de mañá e tarde, de 09:00h a 14:00h e de 15:00h a 20:00h.

Art. 2. Ámbito de intervención

O Programa desenvolverase na cidade de Vigo directamente vencellado ós ámbitos de intervención dos Centros Municipais de Servizos Sociais e as Unidades de Traballo Social nas que está estruturada a rede de servizos sociais do Concello de Vigo.

Art. 3. Obxectivos de atención ás persoas

Os principais obxectivos deste servizo, en relación coas persoas destinatarias son:

- 1. Prestar un servizo á cidadanía de Vigo máis vulnerable e con maiores dificultades de inclusión por razóns de idade, limitacións de mobilidade, discapacidades, carencia de rede familiar e/ou social, etc., a fin de que poidan realizar unha vida o máis normalizada posible, saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.*
- 2. Garantir a protección dos dereitos das persoas maiores.*
- 3. Promover o desenvolvemento dunha existencia digna e autónoma no medio habitual da persoa e en todos os ámbitos da vida, en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.*

Art. 4. Obxectivos de inserción socio-laboral

A través deste Programa procúrase tamén acadar un obxectivo de inserción, como é a incorporación ó mercado laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social para que se convirtan en axentes activos do seu propio proceso de empregabilidade, facilitándolles formación e experiencia laboral relacionada coa atención ás persoas, mediante a realización de actividades de acompañamento ás persoas que o precisen nos seus labores cotiás, realización de servizos vitais de apoio a persoas maiores con problemas de mobilidade ou discapacidade, axuda, información e atención a persoas en situación de rúa e transeúntes e colaboración con todos os servizos públicos relacionados co obxecto do Programa e tamén cos de emerxencias.

Art. 5. Tipos de intervención

Diferéncianse dous tipos principais de intervención dos/as cuidadores/as de barrio:

- a) Acompañamentos ás persoas usuarias, que inclúe:*
- Recados*
 - Visitas*
 - Acompañamentos médicos*
 - Acompañamentos de saída*

- Acompañamento con bolsas (compras)
- Acompañamento social/derivación

a) Rexistro de incidencias no espazo público que afecten á prestación do servizo e información á veciñanza:

- Rúa.
- Alumeado.
- Pavimento.
- Limpeza.
- Outras incidencias.
- Información a veciños/as.

CAPÍTULO II PERSOAS USUARIAS

Art. 6. Características das persoas usuarias

Este Programa está destinado ás persoas en situación ou risco de vulnerabilidade (en especial, as persoas maiores) que teñan dificultades, físicas ou psíquicas, para levar a cabo por sí mesmas algunha/s das súas actividades cotiás fóra da casa, contribuíndo ó seu benestar e evitando as posibles situacións de aillamento e mesmo de reclusión no fogar.

Art. 7. Requisitos de acceso

Serán requisitos esenciais para que as persoas interesadas poidan acceder ós servizos deste Programa:

- a) *Estar empadroadas no Concello de Vigo.*
- b) *Presentar a correspondente solicitude (de ser o caso), coa documentación complementaria necesaria, sempre que non estea xa en poder desta Administración.*
- c) *Informe de valoración profesional acreditativo da idoneidade do recurso.*
- d) *Aceptación voluntaria do servizo por parte da persoa usuaria ou do/a representante legal.*

Art. 8. Condicións de acceso ó servizo

O procedemento para o acceso ó servizo iniciarase xeralmente por instancia de parte. Con todo, cando concorran circunstancias debidamente acreditadas no expediente que así o xustifiquen, o procedemento poderá iniciarse de oficio.

O acceso a este Programa realizarase, en todo caso, por derivación das Unidades de Traballo Social (UTS) de referencia das persoas interesadas en recibir os seus servizos, previa valoración profesional dos casos que acredite a súa situación e a idoneidade do recurso.

Sobre a base desa valoración e da demais documentación do caso, a xefatura do servizo formulará a proposta de resolución que proceda á concellería delegada.



Concello de Vigo

O prazo máximo para resolver e notificar a concesión ou denegación do servizo será de 3 meses.

Asignado o recurso, comunicárase ó contratista determinando o prazo de comezo do servizo, que non será superior a 15 días naturais desde o recibo desta comunicación. O contratista dará as instrucións precisas ó seu persoal con obxecto de prestar o servizo que se lle asigne, sendo o responsable de realizar as propostas de distribución dos traballadores/as, horarios, etc. que resulten necesarias.

Art. 9. Perda da condición de usuaria

Perderase o dereito ós servizos incluídos no Programa polos seguintes motivos:

- a) Pasamento da persoa usuaria.*
- b) Renuncia voluntaria debidamente comunicada.*
- c) Incumprimento dos deberes establecidos nestas normas.*
- d) Modificación das condicións psicofísicas da persoa usuaria que imposibiliten a axeitada prestación do servizo.*
- e) En xeral, por perda sobrevenida das condicións de acceso.*

Art. 10. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias deste Programa terán os seguintes dereitos básicos:

- 1) A seren tratadas coa consideración debida á súa dignidade e ó respecto dos seus dereitos e liberdades fundamentais.*
- 2) A seren informadas de xeito claro e preciso das normas de funcionamento do servizo.*
- 3) A recibiren un trato respetuoso e profesional por parte do persoal adscrito ó Programa.*
- 4) Respeto ás súas conviccións cívicas, políticas, morais e relixiosas.*
- 5) Á confidencialidade, sigilo e respecto en relación cos seus datos persoais e a información que sexa coñecida polo servizo en razón da intervención profesional, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.*
- 6) A utilizar os servizos do Programa dispoñibles no horario e nas condicións establecidas.*
- 7) A realizar as propostas, queixas e suxestións que consideren oportunas en relación cos servizos prestados.*
- 8) Ó cese voluntario na utilización do servizo.*
- 9) Os demais que lles outorgue a normativa vixente.*

Art. 11. Deberes das persoas usuarias

Os/as usuarios/as do «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social» terán os seguintes deberes básicos:

- 1) Respetar a dignidade persoal e profesional do persoal contratado para a prestación do servizo.*
- 2) Observar as súas indicacións e manter unha actitude colaboradora e facilitadora.*
- 3) Poñer en coñecemento dos responsables do Programa os posibles cambios na súa situación persoal que poidan incidir na prestación do servizo.*

Art. 12. Incumprimentos

O incumprimento grave e/ou reiterado dos deberes sinalados anteriormente poderá dar lugar á perda da condición de usuaria e, como consecuencia, á utilización dos servizos do Programa.

CAPITULO III SERVIZOS ÁS PERSOAS INCLUÍDOS NO PROGRAMA

Art. 13. Servizos

- *Servizo de acompañamento para realizar os seus labores cotiás: citas nos Centros de Saúde, farmacias, bancos, Administracións, relacións sociais coas persoas amigas e veciñas, etc.*
- *Realización de servizos vitais tales como a adquisición de medicamentos e entrega ó/á interesado/a, compra de produtos de primeira necesidade para persoas con problemas de mobilidade, etc.*
- *Axuda ás persoas con algún tipo de discapacidade, tanto para salvar as barreiras arquitectónicas que poidan existir como calquera outro tipo de axuda que poidan precisar (cruzar a rúa, acompañar cando precisen...).*
- *Axuda, atención e información ás persoas usuarias sobre os recursos sociais dispoñibles derivándoos, de ser o caso, ós centros e servizos onde os poidan atender.*
- *Atención e detección rápida de posibles casos de maltrato e doutras posibles situacións de vulnerabilidade: desamparo, enfermidade, soidade, deterioro cognitivo, carencias nutricionais, vítimas de estafas, deficiencias da vivenda, etc.*

CAPITULO IV DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Art. 14. Dirección e organización xeral

Todo o persoal do Programa estará sometido ó poder de dirección e organización do contratista sendo este o único responsable e obrigado ó cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables ó caso; en especial, en materia de contratación, seguridade social, prevención de riscos laborais e tributaria.

En ningún caso terá ese persoal vinculación xurídico-laboral co Concello de Vigo, con independencia das facultades de control e inspección que legal e contractualmente lle corresponden.



Concello de Vigo

O/A técnico/a municipal responsable do Programa ostentará as facultades de dirección, supervisión e coordinación precisas, sen prexuízo das superiores atribucións das Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social e da Concellería delegada de Política de Benestar Social.

Art. 15. Relacións entre o Concello e o contratista

O contratista achega a súa propia coordinación e xestión, sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados.

O responsable de coordinación xeral da empresa adxudicataria recibirá as directrices municipais para a axeitada atención dos/das usuarios/as e a boa marcha do «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social». Así mesmo, deberá manter unha adecuada coordinación co/a responsable técnico/a municipal do Programa.

É responsabilidade municipal o control, fiscalización e avaliación continuada da execución deste Programa, así como as súas posibles modificacións.

En calquera momento, os/as responsables técnicos/as municipais poderán comprobar a materialización e calidade do servizo prestado polo contratista, así como recabar a información necesaria sobre o grao de satisfacción dos/as traballadores/as, das persoas usuarias e da veciñanza co desenvolvemento xeral do mesmo, para o que a empresa deberá elaborar cuestionarios e realizar enquisas de satisfacción de acordo coas pautas que estableza para o efecto o Servizo de Benestar Social.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o axeitado desenvolvemento e implementación destas normas, facúltase á Concellería delegada de Política de Benestar Social para tramitar e aprobar toda clase de documentos administrativos (formularios, manuais de organización e funcionamento, etc.) e para dítar as instrucións de funcionamento interno complementarias que sexan necesarias.

*

3(48).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRESTACIÓN DO “PROGRAMA DE COIDADORES DE BARRIO DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL” RESERVADO A EMPRESAS DE INSERCIÓN. EXPTE. 194221/301.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización de data 22/01/2020, dáse conta do Informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 19.11.2019 a Concellería delegada de Política Social acordou iniciar o procedemento de contratación do programa coidadores de barrio do servizo de Benestar Social, encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos,

xurídicos e administrativos da Concellería delegada da Área de Política Social, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Xefe de Área de Política de Benestar Social e a Concelleira delegada de Política Social o 20.11.2019.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada (21.01.2020; trámite nº 151) polo Xefe de Área de Política de Benestar Social e a Concelleira delegada.
- Prego de Prescricións Técnicas asinado (13.12.2019; trámite nº 45) pola xefa de servizo de benestar Social e polo Xefe de Área de Política de Benestar Social.
- Declaración do redactor do prego técnico (20.12.2019; trámite 70).
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación (20.12.2019; trámite nº 73) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto do programa coidadores de barrio do servizo de Benestar Social, asinado (22.01.2020; trámite nº 157) pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- L.44/2007, de 13 de decembro, para a regulación del régimen de las empresas de inserción.
- Decreto 156/2007, de 19 de julio, polo que se regula o procedemento para a calificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral.



Concello de Vigo

- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se regula o procedemento de cualificación das empresas de inserción laboral e a organización e funcionamento do seu rexistro administrativo.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O obxecto deste contrato é desenvolver un programa de apoio, esencialmente na rúa, a cidadanía mais vulnerable de Vigo.

O «Programa de cuidadores de barrio do Servizo de Benestar Social» terá os seguintes obxectivos xerais:

Prestar un servizo á cidadanía de Vigo máis vulnerable e con maiores dificultades de inclusión por razóns de idade, limitacións de mobilidade, discapacidades, carencia de rede familiar e/ou social, etc., a fin de que poidan realizar unha vida o máis normalizada posible, saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.

Garantir a protección dos dereitos das persoas maiores.

Promover o desenvolvemento dunha existencia digna e autónoma no medio habitual da persoa e en todos os ámbitos da vida, en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Incorporar ó mercado laboral a persoas en situación ou risco de exclusión social para que se conviryan en axentes activos do seu propio proceso de empregabilidade.

III.2. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019. A Concelleira da Área de Política Social, en Resolución do 19.11.2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.3. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de Contratación de 22.01.2020 e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Técnica de Administración Xeral dese Servizo de data 20.12.2019 e sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.4. O procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (tramitación ordinaria), suxeito a regulación harmonizada (Arts. 22 LCSP) reservado a Empresas de Inserción (Disp. Adic. 4ª e 48ª LCSP).

III.5. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que achegará a Intervención xeral municipal, quen ademais deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.6. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto reservado a Empresas de Inserción (Disp. Adic. 4ª e 48ª LCSP), do programa coidadores de barrio do servizo de Benestar Social do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas (13.12.2019; trámite nº 45), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (22.01.2020; trámite nº 157) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (1.079.999,98€, IVE incluído), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310. 2279902 programa inserción laboral e a súa bolsa de vinculación dos orzamentos municipais, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

2020: 359.999,99€.

2021: 539.999,99€.

2022: 180.000,00€.

CUARTO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(49).-INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR EMSEBUR S.L. EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON



Concello de Vigo

MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO ANOS 2020, 2021 E 2022. EXPTE. 14428/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/01/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral (P.A. da xefa do Servizo de Contratación) e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o vocabulario común para contratos públicos (CPV)), e as Directivas 2004/17 / CE e 2004/18 / CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos para os contratos públicos, con respecto á revisión do CPV.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de

primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de vigo anos 2020, 2021 e 2022, (PCAP).

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de vigo anos 2020, 2021 e 2022 (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de vigo anos 2020, 2021 e 2022 (expediente 14.428-306), a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 24 de decembro de 2019 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e en data 27 de decembro de 2019 publicouse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do sector público, comezando o prazo de presentación de ofertas que finalizou o día 17 de xaneiro de 2020.

Terceiro.- En data 17 de xaneiro de 2020, D. Miguel Antonio Arasti Barca, con DNI 13.118.521-B, actuando en nome e representación da mercantil EMSEBUR S.L. mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (en adiante TACGAL ou Tribunal), interpón recurso especial en materia de contratación contra os pregos de condicións administrativas e técnicas, e a memoria xustificativa do procedemento aberto do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de vigo anos 2020, 2021 e 2022.

Cuarto.- Interposto o recurso especial, o servizo de Contratación solicitou informe sobre o seu contido ao servizo xestor. Este foi evacuado en data 22 de xaneiro de 2020.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o prego de cláusulas administrativas particulares, técnicas e a memoria xustificativa para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño



Concello de Vigo

de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de vigo anos 2020, 2021 e 2022., aprobado por acordo da XGL de 12-12-2019.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.

- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso prevense nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos neste recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, para os efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo neste informe no caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a non admisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a



Concello de Vigo

admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, os pregos de cláusulas administrativas particulares e os pregos de prescricións técnicas son actos susceptibles de recurso, no entanto con respecto á impugnación da Memoria Xustificativa, cómpre advertir que non é susceptible de ser recorrida por medio de recurso especial en materia de contratación posto que, non se trata de ningún dos actos ou documentos sinalados no artigo 44.2 da LCSP.

No presente suposto, o acto obxecto do recurso identifícase polo recorrente cos seguintes actos preparatorios: o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e a Memoria Xustificativa. No entanto as alegacións do recurso que se refiren a Memoria vincúlanse ao orzamento base de licitación, o cal que figura no anexo I do PCAP, polo que cabe circunscribir o obxecto do recurso aos pregos (resolución TACRC nº 1.104/2019, do 7 de outubro de 2019).

B) En relación cos requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recorrer.

O recorrente é indubidable que ostenta lexitimación activa pola súa condición de licitador.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ao que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle



Concello de Vigo

entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

Os pregos e o resto da documentación contractual publicáronse no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do sector público o 27 de decembro de 2019. A presentación do escrito de recurso en data 17 de xaneiro de 2020 prodúcese dentro do prazo de quince días hábiles para a interposición do mesmo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do presente recurso especial.

-V-

Motivos de impugnación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, técnicos e memoria xustificativa

O recorrente formula dous motivos de impugnación:

1. A insuficiencia do orzamento base de licitación para cubrir os custes de explotación e a súa inadecuación aos prezos de mercado.
2. Ausencia de información relativa ás reclamacións salariais do persoal a subrogar da anterior contrata.

Analizaremos a continuación cada un destes motivos.

Con respecto as cuestións alegadas, o servizo xestor en data 21 de xaneiro de 2020 informa o seguinte:

***I.-** En data 20 de xaneiro de 2020, o Servizo Municipal de Contratación solicita informe do servizo xestor sobre o “recurso especial en materia de contratación contra pregos de condicións administrativas e técnicas, e memoria xustificativa” aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 12/12/2019 do “Expediente de contratación de servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (expte. 14428/306)”, interposto por EMSEBUR, S.L. (CIF B09347576).*

***II.-** Vaia por diante que a mercantil EMSEBUR, S.L. prestou os ditos servizos de socorrismo e asistencia sanitaria nas praias do Concello de Vigo nas anualidade 2016 e 2017, rexendo pregos con idénticos criterios en cálculo de horas efectivas de traballo e tempos de descanso.*

Neste sentido, a Xunta de Goberno Local en sesión do 24/05/2016, adxudicara á empresa EMSEBUR, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de contratación dos servizos de VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO E ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO, NOS ANOS 2016 E 2017 salvamento e socorrismo nos areas do Concello de Vigo (expte. 11483/306), por un prezo de 796.639 euros (dous anos).

Consta a este servizo que o persoal da contrata de EMSEBUR, S.L. interpuxo máis de 14 demandas laborais sen que ningunha información remitira ó respecto ós efectos de subrogación pola nova contrata.

No ano 2018, a entidade EMSEBUR, S.L. tamén presentou oferta ó contrato de prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño a persoas con mobilidade reducida en determinados areais de Vigo ano 2018 e 2019 (expte. 12941/306).

Tras ser clasificada en primeiro lugar por orde descendente de puntuación, non achego axeitadamente a documentación esixida polo que o contrato adjudicando á clasificada en segundo lugar, Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L.”.

En ámbolos dous contratos, ós que a entidade Emsebur, S.L. concorreu, rexeron pregos con idénticos criterios en cálculo de horas efectivas de traballo e tempos de descanso, polo que causa perplexidade as argumentacións indicadas no recurso obxecto de informe pola dita mercantil.

II.- INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS CONTIDAS NO RECURSO.

II.1.- RESPECTO DA ALEGACIÓN DO ERRO NO CÁLCULO DE HORAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO:

Alega a recorrente que a memoria económica incorre nun erro ó efectuar os cálculos das horas dos diferentes profesionais reproducindo diversos apartados da cláusula 5ª do prego. A argumentación refírese o cómputo dunha hora menos diarias en determinados supostos nos que servizo se presta en horario de mañá e tarde.

CONTESTACIÓN: Ningún erro hai na memoria xustificada económica no cálculo de horas.

O prego de prescrición técnicas particulares (PPTP) que rexe esta contratación debe considerarse no seu conxunto. O apartado 5 do dito PPTP establece datas, horarios e persoal mínimos de prestación do servizo, pero no apartado **7.1. PERSOAL, parágrafo terceiro**, indícase expresamente:

“(…)

Os días nos que o servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios nos areais do termo municipal de Vigo sexa en horario de mañá e tarde, é dicir, que comece antes das 14:00 h., permitirse a presenza dun so socorrista e a alternancia entre o DUE ou GE e o axudante sanitario nos postos entre as 14:00 horas a 16:00 horas. Con todo, deberán estar dispoñibles para atender unha situación de emerxencia.

“(…)”

Este criterio responde á necesidade de que o persoal dos postos se turne para dispor dunha hora para descanso e comida entre as 14:00 e 16:00 horas, permitindo a alternancia do persoal que están no posto, sen necesidade de cubrir esa hora por outro persoal.



Concello de Vigo

Este criterio recollido no PPTP é indencio os recollidos nos pregos das anteriores contratadas deste servizo nas que a entidade mercantil Emsebur, S.L. concorreu.

Por tanto, non hai ningún erro no cálculo de horas na memoria xustificativa económica. Os descontos horarios no cálculo da memoria xustificada económica a que se refire a recorrente resultan da aplicación do PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES que a recorrente non tivo en conta na súa totalidade.

Así, a efectos meramente explicativos e tomando como referencia o areal de Canido (idéntico ó de Fontañá, Carril, a Punta e aplicable a calquera outro areal):

O apartado 5 do PPT establece:

“5.3.1.- Vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.

- Horario desde o 15 ao 30 de xuño e desde o 1 ao 15 de setembro: os fins de semana e festivos de 12:00 a 20:00 horas.
- Horario nos meses de xullo e agosto: todos os días de 12:00 a 20:00 horas.
- Número de socorristas acuáticos: **2.**”

A memoria xustificativa recolle no apartado 4.A.2.) as “horas efectivas de servizo para o cálculo económico”

Así, para o areal de Canido sinala:

“3.2.- Horas de servizo persoal vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios.

Xuño e setembro: 8 días fins de semana e festivos x 7 h x 2 persoas = 112 h.

Xullo e agosto: 41 días laborais x 7 h x 2 persoas = 574 h.

Xullo e agosto: 21 días fins de semana e festivos x 7 h x 2 persoas = 294 h.

Total horas: 980 h

(...)

A efectos do cálculo de horas efectivas do servizo para os efectos económicos tívoise en conta o indicado no apartado **7.1. PERSOAL, parágrafo terceiro, do PPTP.**

En resume, tratándose dun horario de mañá e tarde descontase unha hora por cada socorrista entre as 14 e 16 horas para que poidan descansar e comer, turnándose alternativamente, sen ter que cubrir o seu posto.

Tamén, na memoria xustificativa no apartado 4.A.2), cálculo sumatorio final, explícase de novo que no cálculo total de horas de efectivos de servizo, descóntase o horario de comida:

“Por tanto, as **horas efectivas de servizo nos postos (descontado o horario da comida)** son as seguintes:

TOTAL HORAS SOCORRISMO ACUÁTICO:13.970,50 H.+ 120h. libre
 disposición=**14.090,50 H**
TOTAL HORAS DUE OU GE:..... **1.650,50 H**
TOTAL HORAS AXUDANTE DE PRIMEIROS AUXILIOS:..... **2.622,50 H**
TOTAL HORAS TÉCNICO EN TRANSPORTE SANITARIO (TTS) DA
AMBULANCIA:
1.444,00 H
TOTAL RESPONSABLE DO SERVIZO **652,00 H**
TOTAL HORAS TELEFONISTA/OPERADOR COMUNICACIÓNS .. **652,00 H**
TOTAL HORAS MONITORES PERSOAS CON MOBILIDADE
REDUCIDA **1.736,00 H”**

Ademais, tal e como se sinala na memoria xustificativa, apartado **4.A.3.- CUSTE SALARIAL DO PERSOAL**, as ditas horas incrementáronse para poder contemplar os descansos retribuídos que establece o convenio de referencia (artigo 26 do III Convenio de instalacións deportivas e ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia 2016-2018, DOG 06/02/2017)

“Asimesmo, estímase en concordancia co convenio descansos retribuídos de 30 a 45 minutos por xornadas iguais ou superiores a 5 horas o que incrementaría as horas retribuídas en:

- **Socorrista 1.394 h.**
- **DUE ou GE 138 h.**
- **Axudantes primeiros auxilios 228 h.**
- **Telefonista/operador comunicacións 53 h.**
- **Responsable 53 h.**
- **Monitores persoas con mobilidade reducida: 124 h”**

Asimesmo, no citado apartado da memoria xustificativa cconsideráronse as estimacións de incrementos salariais por encima do convenio de aplicación, nos seguintes termos:

“En atención ós incrementos previstos no convenio do sector estatal e as circunstancias concorrentes expostas, considerase os seguintes incrementos salariais respecto da táboa salarial do ano 2018, contida no citado III Convenio de instalacións deportivas e ximnasios da Comunidade:

Incremento salarial ano 2019: 3%,
Incremento salarial ano 2020: 3%,
Incremento salarial ano 2021: 2%
Incremento salarial ano 2022: 2%

- **Outros custes salariais derivados do convenio: dispoñibilidade, permisos retribuídos, absentismo laboral, conciliación, quendas, dietas, baixas, pluses persoais (antigüidade, quilometraxe), indemnizacións, horas extraordinarias, etc... . Estímanse nun mínimo do 5% sobre o salario.**

Nótese que se incrementou o salario base nun 5% para cubrir, entre outras, calquera hora extraordinaria que tivera que facer o persoal incluso na hora de descanso para cubrir unha urxencia.



Concello de Vigo

As argumentacións da recorrente rozan o absurdo, xa que cubrir a horas de descanso dos socorristas e DUEs e asistencia sanitaria, co cento por cento do persoal sería inviable xa que esixiría duplicar o número deste persoal xa que a hora de descanso prodúcese en todos os areas o mesmo tempo -entre as 14:00 e 16:00 horas-, o que resultaría inviable.

A entidade recorrente fai referencia ao concepto de “horas de bocadillo” e “descontos de bocadillo”, que non corresponden con ningunha obriga derivada dos pregos, memoria xustificativa ou convenio colectivo de aplicación no sector.

De novo a recorrente, está errada ao non ter en conta o indicado no apartado **7.1. PERSOAL, parágrafo terceiro, do PPTP**, que permite que o persoal que esta realizando o servizo -socorristas, DUE e axudante de primeiros auxilios- entre as 14:00 e 16:00 horas, non sexa substituído por outro no seu posto de traballo, alternado unha hora de descanso nesta franxa horaria.

Os 30 minutos de descanso retribuídos por xornadas iguais ou superiores a 5 horas a que se refire o artigo 26 do III Convenio de instalacións deportivas e ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia 2016-2018, DOG 06/02/2017), que a recorrente parece identificar como horas de bocadillos, están debidamente cuantificadas na memoria xustificada como antes se indicou.

Por tanto, os cutes de persoal que se tiveron en conta para o prezo de licitación son correctos e cobren sobradamente os custes de persoal.

II.2.- RESPECTO DA ALEGACIÓN DO ERRO ARITMÉTICO NO SUMATORIO DE HORAS DOS SOCORRISTAS DAS ILLAS CÍES:

Alega a recorrente que por erro aritmético na memoria xustificativa se indican 1.596,5 horas de servizo de socorrismo en Cíes, cando a suma reflexada das horas no desglose (264,50 + 76 + 861 + 441) do servizo serían 1.642,50 horas, polo que hai un déficit teórico de 46 horas.

CONTESTACIÓN: No existen ningún déficit de 46 horas. As horas totais de prestación do servizo de socorrismo na praia de Cíes de 1.596,50 horas son correcta. Existe un erro, no sumatorio de horas de xuño e setembro en días laborais en vez de 264,50 horas, sería 218,50 horas, toda vez que o horario efectivo do servizo son 4,75 horas diarias e non 5,75 horas, polos motivos indicados no apartado anterior.

Este erro é facilmente identificable pola recorrente toda vez que coinciden os horarios de fin de semana e festivos cos días laborais.

Por tanto, non existe erro de incremento de horas, nin de sobre custe asociado, sendo ademais o custe das 46 horas insignificantes dentro da totalidade do prezo do contrato, máxime tendo en consideración os incrementos salariais que se tiveron en contra para o cálculo do prezo hora.

II.3.- RESPECTO DA ALEGACIÓN DOS CUSTES DE MATERIAS DA AMBULANCIA:

Alega a recorrente que a partida de "custe de material ambulancia" de 4.000 euros é irrisoria, indicando que o custe de servizo do mercado de ambulancia é de 30 €/hora e que hai 101 días de servizo, resultaría un importe de 22.000 euros , polo que faltarían uns 18.000 €,

CONTESTACIÓN: De novo a recorrente non considerou a totalidade da información incluída na memoria xustificativa do servizo.

O custe de mercado de ambulancia de 30€/hora o sería, en todo caso, co persoal da ambulancia (dos técnicos sanitarios).

No presente contrato, os custes do servizo de ambulancia con soporte vital básico durante o período de prestación do servizo, 15 de xuño a 15 de setembro, cun tal de 93 días (non 101 como indica a recorrente), están perfectamente xustificadas, cuantificadas e desglosadas en dúas partidas da memoria xustificativa do contrato:

Partidas:

4.A.3) Custes salario do persoal (2 técnicos en transporte sanitario da ambulancia -TTS-),

- **TTS Conductor: 1.444,00 h x 15,38 €.....= 22.208,72 €**

O prezo hora obtívose xustificadamente tal e como recolle a memoria xustificativa aplicando o convenio de referencia no nestor -explícase en detalle na memoria-.

4.A.4. Custes materiais:

- Ambulancia clase B, Soporte Vital Básico,

70.000 euros, 8 anos, 3 meses, combustible

4.000€

Polo tanto, o importe neto do servizo de transporte sanitario (ambulancia clase b) para o ano 2020 considerouse NUN TOTAL DE 26.208,72 EUROS polo que está 4.208,72 euros por encima do custe que estima a recorrente de 22.000 euros ano.

Ademais, sobre este importe no prezo de licitación do contrato engadiuse gastos xerais 8%, beneficio industrial 6% e o correspondente IVE.

O prezo está correctamente cuantificado e xustificado.

II.4.- RESPECTO DE CUSTES DE OBRA CIVIL DE ACOMETIDAS DE LUZ A MÓDULOS:

Alega a recorrente que non se tivo en conta a obra civil de conexións dos módulos á rede de subministro eléctrico e as correspondentes altas do servizo.

CONTESTACIÓN: Non é certo. A memoria xustificada do contrato a efectos do cálculo do prezo de licitación recolle no apartado "4.A.4. Custes materiais" os seguintes conceptos:

- Módulos 600€ x 8 x 3	14.400€
- Módulos 600€ x 2 x 2	2.400€
- Subministro eléctrico 10 x 600€	6.000€



Concello de Vigo

O importe indicado de 600,00€ mensual por módulo, representa 1.800, 00 euros na tempada.

Un módulo tipo de socorrismo na tempada, segundo prezos de mercado, inclúe os seguintes custes:

- Aluguer : 540 euros,*
- Portes de entrega, adecuación ó firme e retirada: 360 euros*
- Aire acondicionado: 90 euros.*
- Conexións: 810 euros por módulo.*

Por tanto, no custe material do módulo tívose en conta tódolos conceptos precisos para a súa posta en funcionamento.

Ademais, a partida de subministro eléctrico de 600 euros por tempada para cada módulo cubre sobradamente os custes deste servizo.

A efectos de cálculo do prezo de licitación debe considerar correcta, máxime tendo en consideración a pequena incidencia que este impote ten no prezo total do contrato.

II.5.- RESPECTO DE FALTA DE INFORMACIÓN SOBRE RECLAMACIÓN SALARIAIS:

Alega a recorrente que non se dou a coñecer os importes de reclamacións salariais obxecto de litixio de persoal a subrogar da anterior contrata.

CONTESTACIÓN: A empresa saínte do contrato, Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L., foi requirida pola Administración municipal para que facilitase toda información os efectos do previsto no artigo 130 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

- Información sobre a obrigatoriedade de subrogar ó persoal adscrito por esa empresa ao servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo, anos 2018 e 2019, pola nova empresa que resultare adxudicataria -empregadora-.

- En concreto, listado de persoal obxecto de subrogación indicando: convenio colectivo de aplicación, nome e apelidos dos traballadores, DNI indicando soamente catro díxitos -os outros díxitos anonimizados con asterisco- categoría profesional, tipo de contrato, xornada, data de antigüidade, data de nacemento, vencemento do contrato, salario bruto anual de cada traballador desglosando salario base, complementos, pluses e demais conceptos salariais, así como todos os pactos en vigor aplicables ós traballadores ós que afecte a subrogación.

- Deberá remitir toda a información que afecte ós posibles traballadores a subrogar e que resulte necesaria para permitir unha exacta avaliación dos custes lalorais, incluídos todos aqueles traballadores que estiveren enfermos, accidentandos, en excedencia ou situación

análoga e que puideran ser obxecto de subrogación e as súas condicións laborais, no caso de existir algún.

A dita información incorpórase como Anexo 5 do PPTP que rexe a contratación.

Por outra banda, a entidade Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L. presentou escrito en data do 09/10/2019 (doc. 190156955) na que o representante da entidade declara que se atopa ao corrente do pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores e traballadoras propios destinados á execución das prestacións obxecto do contrato, respectando os seus contratos e o Convenio colectivo de aplicación (Achégase documento doc 190156955, expte. 12941/306).

Asimesmo, a Asesoría Xurídica Municipal achego o Servizo de Medio Ambiente acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de novembro de 2019 no que se fai referencias a unhas demandas de cantidade de traballadores da empresa saínte que foron inadmitidas

“5.- Social. Expediente nº 11749/111

Auto nº 108 do 17 de outubro de 2019

Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de VIGO

Despedimento/cesamento en xeral: 920/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Despido disciplinario contratación do servizo de vixilancia, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en distintas praias de Vigo.

Expte(s): 12941-306

Contía: 40,99 €

Este Auto declara inadmisibile o recurso presentado polo demandante, porque a súa demanda non se axustaba ao esixido pola norma procesual. Carecía dunha relación de feitos e de fundamentos de dereito que permitise que as partes demandadas se defendesen adecuadamente.

Requirido polo órgano xurisdiccional para que emendase o escrito de demanda, se presenta un documento con feitos novos, que segundo o Xulgador non se emenda. Polo tanto, se archiva o procedemento.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto

6.- Social. Expediente nº 11750/111

Auto nº 109 do 17 de outubro de 2019

Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de VIGO

Despedimento/cesamento en xeral: 921/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Despido disciplinario contratación do servizo de vixilancia, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en distintas praias de Vigo. (Expte 12941-306).

Expte(s): 12941-306

Contía: 40,99 €



Concello de Vigo

Este Auto que se comunica, considera que non se emendou a demanda que o actor presentara, por medio dun "home bó" (figura expresamente prevista na lexislación procesual laboral), por xerar indefensión nas partes demandadas.

Cando se presentou a demanda, non se pormiudaron os feitos e os fundamentos de dereito nos que se baseaba. Se lle outorgou un prazo para emendala, e o Xulgador considera que a demanda continúa a causar indefensión ás demandadas, porque non se aclara aquilo que se lle notificou ao demandante.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto."

Por tanto, non se ten constancia da obriga de pagos salarias pendentes.

III.- CONCLUSIÓNS

Por todo exposto, pode concluírse, sen xénero de dúbidas, que o prezo base de licitación do contrato resulta debidamente cuantificado e xustificado na memoria do contrato e cubre a correcta prestación do servizo nos termos especificados nos correspondentes pregos."

Cómpre engadir con respecto as cuestións alegadas o sinalado polas resolucións n.º 739/2019 e n.º 348/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales sobre a determinación do presuposto base de licitación e, o informe n.º 61/2019 da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado relativo a obriga establecida no artigo 130 da LCSP.

- Resolución n.º 739/2019 do TACRC: "(...)También afirma la recurrente que debería incluirse explícitamente en el desglose de los costes directos de mano de obra las partidas como el absentismo, vacaciones, pluses fuera de convenio, antigüedades, y otros que no especifica. Esta pretensión no tiene cobertura legal. Como hemos dicho el artículo 100 de la LCSP obliga a que en el presupuesto base de licitación se desglosen los costes directos e indirectos y otros eventuales gastos calculados para su determinación, y solo en los contratos en que el coste de los salarios de las personas empleadas para su ejecución formen parte del precio total del contrato, indicará de forma desglosada y con desagregación de género y categoría profesional los costes salariales estimados a partir del convenio laboral de referencia.

Pues bien el único coste laboral cuyo desglose se exige es el coste salarial –y solo si los salarios de las personas empleadas para su ejecución forman parte del precio total del contrato– y no ningún otro.

No estando el contrato objeto de examen sujeto al desglose de los costes salariales, menos aún lo está al desglose de los demás costes laborales. Además, aun no estando obligado, el órgano de contratación ha desglosado el importe de dos costes laborales –que no salariales– impuestos por el convenio colectivo aplicable, los de vestuario y formación, cumpliendo más allá de lo exigible lo que la ley le impone.

Imputa también a dicho presupuesto base de licitación la recurrente que no determina con precisión y debido desglose los costes directos del servicio, y los conceptos que engloban

dichos costes. Tampoco el artículo 100 de la LCSP obliga al desglose exigido por la recurrente, pues basta con que se separen los costes directos e indirectos y otros eventuales gastos calculados para su determinación, pero no a desglosar ad infinitum las partidas de costes directos e indirectos.

De otra parte la existencia de un error en la estimación de costes salariales conforme al convenio, alegada por la recurrente, ha sido aceptada por el órgano de contratación, que ha vuelto a estimar el desglose de gastos conforme al convenio colectivo, siendo este y no el anexo de personal subrogado, formado a partir de la información suministrada por el adjudicatario saliente, el que sirve de referencia a la fijación del presupuesto, ello sin perjuicio de reproducir de nuevo nuestra argumentación en cuanto a la improcedencia del desglose de costes salariales en este contrato, y de que en ningún caso los costes salariales del técnico al que se encomienda su coordinación, pero no está adscrito en exclusiva a la ejecución del contrato, deban imputarse al contrato en su integridad, siendo así además que no es personal subrogable conforme al convenio colectivo.

Afirma por último la recurrente que el presupuesto y, en consecuencia, el valor estimado del contrato no responde al precio general de mercado. Tal afirmación no se sustenta por la recurrente en ningún medio de prueba.

El precio general de mercado no es una magnitud fija e inmutable sino, antes bien, variable y de determinación incierta, pues en suma el precio no es sino el resultado de un acuerdo bilateral entre los contratantes, y por ello esencialmente singular. Lo que puede determinarse a través de los diversos métodos de valoración contemplados por la técnica económica, son valores de referencia para determinar ese precio de mercado o, lo que es lo mismo, los valores que son habituales en el mercado para prestaciones homogéneamente comparables. Pues bien, la recurrente no aporta valor de referencia alguno que permita sustentar lo que sostiene.

Por el contrario el órgano de contratación, primer interesado en una ejecución correcta del servicio como garante del interés general al que sirve, señala que el importe de licitación, es decir el presupuesto base de licitación y el valor estimado, se han calculado a partir del convenio colectivo de ámbito provincial para el sector de la industria y los servicios del metal de Ciudad Real para los años 2015-2018, y del importe de licitación del contrato anterior, relativo a los mismos servicios, que actualmente se presta, incrementado de acuerdo con las condiciones actuales. Criterio que resulta suficiente de conformidad con lo establecido tanto por el artículo 100 como por el artículo 102.3 de la LCSP, para estimar que el presupuesto base de licitación y, por ende, el valor estimado, se adecuan a los precios del mercado.(...)

- Resolución n.º 348/2018 do TACRC: "(...) Centrado el objeto de esta controversia y analizadas con detalle las razones de ambas partes contendientes, conviene traer a colación un extracto de la Resolución de este Tribunal de 12 de marzo de 2018, número 238/2018, por la que con objeto del análisis del artículo 87 TRLCSP se reconoce un amplio margen de apreciación al órgano de contratación a la hora de establecer el precio del contrato; debiéndose reconocer la inexistencia de infracción de dicho precepto cuando se haya ofrecido justificación suficiente de los valores fijados en el pliego sin acreditación de su incorrección por parte de la recurrente.



Concello de Vigo

“Sexto. Este Tribunal tiene reiteradamente declarado (entre otras, en las resoluciones 10/2011, 19/2011, 63/2013, 117/2015 y 726/2015) que en la preparación del contrato la estimación correcta del presupuesto de licitación es fundamental y debe quedar acreditado en el expediente que el presupuesto de licitación y por ende el valor estimado, responden a los precios de mercado, por así exigirlo el artículo 87 TRLCSP, antes citado.

Este mismo Tribunal, en resoluciones tales como la 322/2016, también ha declarado que el artículo 87 del TRLCSP únicamente establece las pautas para determinar el precio del contrato, pero no determina con exactitud los límites procediendo una interpretación en su aplicación en cada caso concreto. Y en este punto no cabe obviar que el artículo 1 del TRLCSP, dispone que la regulación de la contratación del sector público tiene por objeto, entre otros, el de “asegurar, en conexión con el objetivo de estabilidad presupuestaria y control del gasto, una eficiente utilización de los fondos destinados a la realización de obras, adquisición de bienes y la contratación de servicios”, previsión ésta de control del gasto y eficiente utilización de los fondos que debe entenderse como criterio interpretativo del citado artículo 87. Desde esta perspectiva, esa misma resolución afirmó, haciendo propias las consideraciones del Órgano Administrativo de Recursos Contractuales de la Comunidad Autónoma de Euskadi, en su Resolución 64/2013, de 24 de julio de 2013, que “el mandato de ajustarse al precio general del mercado no implica que el órgano de contratación no deba buscar la oferta económicamente más ventajosa y, en particular, el precio más bajo posible, siempre que ello no ponga en riesgo el cumplimiento del contrato mediante la inserción de condiciones económicas poco realistas”, por lo que “una impugnación de la adecuación del precio debería pues demostrar, más allá de las dudas propias de una materia que por definición está sometida a las cambiantes vicisitudes del mercado y de la situación económica general, que el órgano de contratación ha elaborado unos pliegos con un presupuesto inicial bajo cuya vigencia no cabe esperar suficiente concurrencia ni una ejecución normal del contrato”.

*En esa misma resolución 322/2016 se hacía recensión de la doctrina elaborada por el Tribunal sobre este particular, señalando que se había hecho expresa afirmación de la discrecionalidad del órgano en su fijación (así, Resolución 358/2015), que se había destacado que **el precio de mercado actúa, en principio, no como “suelo”, sino como “techo” (resolución 336/2015) y que, consecuentemente (resolución 166/2015), solo la constatación manifiesta de la incorrección del precio fijado que haga presumir una absoluta falta de concurrencia permitirá anular la cláusula correspondiente.***

Pues bien, lo cierto es que en el caso analizado no se ofrece dicha constatación manifiesta e indubitada. El contrato cuenta con una Memoria o estudio económico financiero circunstanciado que da sustento a las magnitudes económicas que lo presiden, siendo así, por lo demás, que el órgano de contratación ha rebatido en su informe emitido al amparo del artículo 46 TRLCSP todos y cada uno de los alegatos del recurrente.(...)

*Séptimo. Habida cuenta de todo lo expuesto y teniendo presente que el recurso se contrae a un ámbito en el que **este Tribunal tiene declarado que es forzoso reconocer al órgano de contratación un amplio margen de apreciación** y que dicho órgano de contratación ha ofrecido justificación suficiente de los valores fijados en el Pliego, sin que la recurrente haya demostrado, en rigor, la incorrección de los mismos, debe concluirse en la inexistencia de infracción del artículo 87 TRLCSP y en la consiguiente pertinencia de desestimar el recurso interpuesto (...).”*

- Informe n.º 61/2019 da Xunta Consultiva de Contratación Pública: (...) La obligación que el artículo 130 de la LCSP impone al órgano de contratación, según se indica en el informe 8/19 de la Abogacía General del Estado, es una **obligación de carácter puramente formal, pues únicamente le obliga a requerir al contratista anterior una información determinada, así como, una vez proporcionada tal información, a facilitarla a los licitadores, sin que el precepto imponga –ni del mismo se deduzca– ninguna obligación para el órgano de contratación de comprobar la veracidad material o intrínseca de aquella información.**

En este sentido, el órgano de contratación actúa como una suerte de intermediario entre el contratista actual y los licitadores del nuevo contrato con el fin de que éstos puedan obtener, antes de hacer sus ofertas, la información necesaria sobre las condiciones de los contratos de los trabajadores a los que afecte la subrogación y de este modo poder hacer una exacta evaluación de los costes salariales. En consecuencia, es criterio de esta Junta que el órgano de contratación no asume responsabilidad alguna por la imprecisión o por la falta de veracidad de la información suministrada por el contratista saliente (tal responsabilidad no sería congruente con el contenido del artículo 130.5 LCSP) ni tampoco asume una obligación de contrastación activa de la información suministrada.(...)”

Polo exposto e, a xuízo da informante, procede desestimar ditas alegacións toda vez que, pódese concluir que esta Administración determinou o presuposto base de licitación de conformidade cos artigos 101 e 102 da LCSP e, deuse cumprimento ao deber de información sobre as condicións de subrogación segundo o disposto no artigo 130 da LCSP, requirindo a empresa saínte do contrato, Move Servicios de Ocio y Deporte, S.L., para que facilitase toda a información aos efectos do previsto no devandito artigo, información que incorporouse como Anexo 5 do PPTP que rexe a presente contratación.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamentos xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen a presente licitación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.



Concello de Vigo

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración, en aras da seguridade xurídica, esta conforme coa suspensión do procedemento.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.- Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez